



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e oito de agosto de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de agosto de 2018**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de agosto de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

Non se tratou este punto da orde do día.

### **3º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditasas dende o día 17 ao 23 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1689/2017 e remata coa resolución da alcaldía número 1719/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1689/2018	17/08/2018	Convocatoria sesión ordinaria Xunta Goberno Local do día 21 de agosto de 2018
1690/2018	17/08/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: DR (4612) masivo
1691/2018	17/08/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: DR 4613 A 12
1692/2018	17/08/2018	Procedemento abreviado. Infracción tributaria por incumprir AI, S.L. a obriga de presentar de forma completa e correcta autoliquidacións (art 191 lxt). P. Sancionador: expediente comprobación limitada pcl 14/2017
1693/2018	17/08/2018	Ordenación de pagamentos correspondente á resolución de alcaldía núm.1686/2018 de data 14 de agosto de 2018
1694/2018	17/08/2018	Licenza para demolición de edificación con galpón aberto para almacén en crta. Cambre - Temple
1695/2018	20/08/2018	Licenza obra de demolición de vivenda e anexo en lugar Altamira Anceis propiedade de JPL
1696/2018	20/08/2018	Procedementos sancionadores de tráfico
1697/2018	20/08/2018	Avocación de competencias do segundo tenente de alcalde don Juan González Leirós dende o día 22 de agosto ao 3 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos
1698/2018	20/08/2018	Servizo de esterilización de gatos/as rueiros/as que integran as colonias felinas do Concello de Cambre
1699/2018	20/08/2018	Expediente sancionador a APBR por instalación de billar en cafe -bar BLACK sito en Parroco M. Cobas O Temple
1700/2018	20/08/2018	Expediente de transferencia de crédito núm. 4/2018. Inversións parques e xardíns por un importe total de 7.002,66 euros
1701/2018	20/08/2018	Amortización parcial do préstamo núm. 8075512816/54 concertado co Banco de Sabadell, S.A.
1702/2018	21/08/2018	Celebración voda civil de LIF e ALG o 24 de agosto de 2018 ás 12,30 horas
1703/2018	21/08/2018	Celebración voda civil de SND e VMVG o 25 de agosto de 2018 ás 10,30 horas
1704/2018	21/08/2018	Denegar a axuda para alimentación básica e hixiene persoal por non ter pasado o período mínimo de tempo establecido para poder ser novamente beneficiaria, unha vez esgotado o período máximo de concesión. Solicitante: MJME
1705/2018	21/08/2018	Conceder a axuda alimentos por importe de 900 euros durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MTOL



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1706/2018	21/08/2018	Revogación da resolución 1648/2018 de 10 de agosto de 2018
1707/2018	21/08/2018	Procedemento abreviado. Infracción tributaria por incumprir IEdeE, S.A.U. a obriga de presentar de forma completa e correcta autoliquidacións (art 191 lxt). p. sancionador: Expediente comprobación limitada pcl 12/2017
1708/2018	21/08/2018	Expediente de reposición da legalidade urbanística por obras realizadas en Pombo, Pravio. Propiedade: MST/MdelCSG
1709/2018	21/08/2018	Solicitude licenza de segregación o división de terreos de 650 m <sup>2</sup> sita en Armental, Pravio en dúas porcións de 555,58 m <sup>2</sup> e 94,42 m <sup>2</sup> para posterior cesión ao concello
1710/2018	22/08/2018	Devolución de ingresos indebidos en concepto de taxa pola prestación da subministración de auga, sumidoiro, lixo e canon da auga feita por MDC
1711/2018	22/08/2018	Avocación de competencias da quinta tenente de alcalde dona Josefa Vázquez Soto dende o día 27 de agosto ao 11 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos
1712/2018	22/08/2018	Expediente sancionador 2018/I001/000017 por incumprimento de horario de apertura de lavandería sita na rúa Tapia, O Temple, Cambre. Propiedade: JDL Lavanderías, S.L.
1713/2018	22/08/2018	Subministración de 10.000 trípticos para a campaña "Decidámolo Xuntos"
1714/2018	23/08/2018	Conceder axudas para recibo de luz por importe de 14,56 euros e dous recibos de gas por importes de 59,17 e de 61,44 euros. Solicitante: AMBC
1715/2018	23/08/2018	Denegar a axuda para alimentación básica e hixiene persoal por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: JCCR
1716/2018	23/08/2018	Conceder a axuda para recibo de luz por importe de 58,20 euros. Solicitante: VSS
1717/2018	23/08/2018	Renovar a tarxeta estacionamento. Solicitante: JMRC
1718/2018	23/08/2018	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 24 de agosto de 2018
1719/2018	23/08/2018	Expediente de transferencia de crédito núm. 5/2018. Caldeira de biomasa campo de fútbol Dani Mallo, por un importe de 2.388,72 euros

#### 4º. Informes doutros asuntos de área

##### Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta do seguinte asunto:

- Acompañado do concelleiro Juan Leirós, mantivo reunión con Pablo Couto da Deputación da Coruña para falar dos proxectos pendentes entre ambas administracións.



Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- Día 21 ás 21 horas mantivo unha reunión co presidente e co secretario de Comisións de Festas de Anceis.

- O sábado 25, ás 20:00 horas acompañou ao concelleiro de Cultura á XXI Festival das Bandas de Música de Cambre no Anfiteatro do Parque da Igrexa de Cambre, onde actuaron as bandas de Música de Arzúa e a Banda de Música "Sementeira" de Cambre.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Adxudicación á entidade "Excavaciones J. Cancela Esmorís, S.L.", no importe de 23.497,76 € sen IVE, 28.432,29 € IVE incluído, a obra de saneamento en rúa Gándara do nº 1 ao nº4, Pravio, Cambre. Expediente núm. 2018/C002/000186

- Aprobación do expediente de contratación: "Mellora de camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio" (inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017 da AGADER, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2018-19). Exp. 2018/C003/000001

- Aprobación do expediente de contratación: "Renovación do firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, Polígono Industrial do Espiritu Santo, Cambre", financiada ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2017 (DOG nº 12 de 17/01/18). Exp. 2018/C003/000011

- Aprobación do expediente de contratación: Pavimentación de beirarrúas en rúa Sil da mazá M3 da Barcala (Fase 2). Exp. 2018/C003/000016

- Adxudicación á entidade 3C CALIDAD Y CONTROL SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA, no importe de 6.999,80 € sen IVE, 8.469,76 € IVE incluído, do servizo de Control de calidade de varias obras, agosto 2018. Expediente núm. 2018/C002/000245

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Adxudicación á entidade "Excavaciones J. Cancela Esmorís, S.L.", no importe de 23.497,76 € sen IVE, 28.432,29 € IVE incluído, a obra de saneamento en rúa Gándara do nº 1 ao nº4, Pravio, Cambre. Expediente núm. 2018/C002/000186**

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 12 de xullo de 2018 elaborouse a memoria valorada xunto coas prescricións técnicas, pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, da obra de saneamento da rúa Gándara do



número 1 ao número 4, Pravio, Cambre, cun orzamento de 26.272,20 € sen IVE e 31.789,36 €, IVE incluído

Con data 12 de xullo actual emítense proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo técnico coordinador da área, polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente e polo Alcalde, motivado na necesidade de executar unha rede de saneamento de PVC de diámetro 200, paralela á xa existente para dar servizo ás acometidas das 10 vivendas que hai entre os número 1 e 4 da rúa Gándra, debido ás numerosas incidencias ocorridas na tempada de chuvias, dado que a capacidade da rede de saneamento existente está agotada. Existen numerosas filtracións de augas pluviais que acaban vertendo á rede de saneamento, e isto, engadido á existencia dun pequeno desnivel entre os números 1 e 4 de A Gándara, provoca que as augas residuais se desborden polos pozos neste tramo, entrando incluso éstas nalgunhas propiedades privadas. Considérase fundamental a execución destas obras na tempada de verán (época seca) debido á importante cantidade de augas pluviais que se filtran, resultando a súa execución imposible o resto do ano, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

Con data 18 de xullo de 2018 emítense informe polo interventor de As Pontes en acumulación de funcións en Cambre de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2018 160 61900 e de que, para os efectos do establecido no art. 118.3 da Lei 9/2017, respecto dalgunhas das empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, se ben se advirte de que "se remiten a intervención, para a emisión de informe de consignación orzamentaria e contratos subscritos, dous expedientes de contrato menor de obras, o exp TEDEC 2018/C002/000186 (valor estimado 26.272,20 euros) e o exp TEDEC 2018/C002/000188 (valor estimado 10.802,05 euros).

Consta na contabilidade municipal a data de día de hoxe factura emitida por CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., correspondente a contrato menor de obras, que conxuntamente con ambos expedientes supera o límite máximo permitido, o cal se advirte, para que se teña en conta polo órgano xestor á hora de remitir as solicitudes de oferta cando en concurrencia coa mesma supere a contía máxima permitida para o contrato menor de obras."

Con data 14 de agosto de 2018 emítense informe polo técnico coordinador da área no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Excavaciones y OPbras Candal, S.L.
- Excavaciones J.Cancela Esmoris, S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Erfinco, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Excavaciones y obras Candal, S.L.	24.817,02€	30.028,59€



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Excavaciones J.Cancela Esmorís, S.L.	23.497,76€	28.432,29€
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	26.272,20€	31.789,36€
Erfinco, S.L.	26.272,20€	31.789,36€

e formulando proposta de adjudicación da obra de saneamento en rúa Gándara do nº 1 ao nº4, Pravio, Cambre, a prol do licitador Excavaciones J.Cancela Esmorís, S.L., con NIF B15769706 e domicilio en rúa Alfonso X El Sabio, 6-15142-Arteixo (A Coruña), no prezo ofertado de 23.497,76 € sen IVE, 28.432,29 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola secretaria accidental de data 24 de agosto de 2018, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria da obra consistente no saneamento da rúa Gándara do número 1 ao número 4, Pravio, Cambre, cun orzamento de 26.272,20 € sen IVE e 31.789,36 €, IVE incluído.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2018 160 61900.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2018/C002/000186, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adjudicar o contrato da obra consistente no saneamento da rúa Gándara do número 1 ao número 4, Pravio, Cambre ao licitador Excavaciones J.Cancela Esmorís, S.L., con NIF B15769706



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

e domicilio en rúa Alfonso X El Sabio, 6, 15142 - Arteixo (A Coruña), no prezo ofertado de 23.497,76 € sen IVE, 28.432,29 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Aprobación do expediente de contratación: "Mellora de camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio" (inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017 da AGADER, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2018-19). Exp. 2018/C003/000001**

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ditou a Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de



mellora de camiños municipais 2018-2019 (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2018).

O Concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente mediante Resolución núm. 220/2018, do 19 de xaneiro, solicitou a concesión dunha subvención, por un importe de 38.807,00 euros para a realización do proxecto “Mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio”.

O dito proxecto foi elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento base de licitación de 46.553,06 euros (IVE incluído).

O 30 de abril de 2018, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal e, polo tanto, dende o punto de vista urbanístico o proxecto considérase viable.

O 14 de maio de 2018 o director xeral da Agader aprobou a Resolución para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, concedéndolle ao Concello de Cambre unha axuda por importe de 38.807,00 euros. Esta resolución foi recibida o día 16 de maio de 2018 a través do sistema Notifica.gal, e rexistrada de entrada no concello co núm. 0/3473 o mesmo día 16 de maio.

O 18 de maio de 2018 a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite informe, no que, entre outros extremos, contén o factor prezo como único criterio de valoración debido a que se trata dunha obra sen demasiada complexidade técnica.

O Pleno do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do día 31 de maio de 2018, aprobou o proxecto de referencia.

Con data do 4 de xuño de 2018 consta asinada a acta previa de replanteo pola redactora do proxecto, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

Pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal elaborouse con data 8 de xuño de 2018 unha memoria xustificativa da actuación, que contén a xustificación da non división en lotes do contrato.

Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 12 de xuño de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 454.61900, por importe de 46.553,06 euros.

Con data 12 de xuño de 2018 ditei a providencia para a incoación do expediente de contratación mediante procedemento aberto para adxudicar o contrato consistente na execución da obra “Mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio” incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, cun orzamento base de licitación de 46.553,06 euros (IVE incluído), con base no informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o 18 de maio de 2018, e solicita que se emitan os pertinentes informes pola Secretaría e maila Intervención municipais, tras os cales darase conta para continuar coa tramitación do expediente, no seu caso.





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A requirimento da secretaría xeral, con data de 20 de agosto de 2018 emitiuse novo informe técnico de necesidade pola enxeñeira técnica municipal de obras públicas no que modifica, respecto do emitido con datas de 18 de maio e de 8 de xuño, o apartado relativo á determinación do valor estimado, eliminando do seu cálculo o 10% por posible modificación do proxecto, pois este non prevé a súa modificación.

Con data de data 27 de agosto de 2018 emitiuse informe pola Secretaría e Intervención municipais, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, así como da natureza e extensión das necesidades a cubrir coa contratación da obra, vén motivada nas competencias atribuídas ao concello en canto ao acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local], polo que queda debidamente acreditada a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, segundo require o artigo 28 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP); isto á vista da memoria xustificativa e proxecto redactados pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal e obrantes no expediente.

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2018/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, correspondente á obra "*Mellora de camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio*" (inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017 da AGADER, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2018-19), cun valor estimado de 42.320,96 euros, e cun orzamento base de licitación de 46.553,06 euros (IVE incluído); isto a teor do establecido no artigo 146 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 46.553,06 euros, por conta da aplicación orzamentaria 454.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido no artigo 326 da LCSP e na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O Sr. alcalde e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.



- Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.  
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.  
O enxeñeiro de camiños municipal e, como suplente, o arquitecto municipal.
- Secretaria: A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Aprobación do expediente de contratación: "Renovación do firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, Polígono Industrial do Espiritu Santo, Cambre", financiada ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2017 (DOG nº 12 de 17/01/18). Exp. 2018/C003/000011**

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“No DOG nº 12 do 17 de xaneiro de 2018, publícase a “Orde do 27 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018”.

Ao abeiro do disposto na citada Orde, o Concello de Cambre solicitou unha achega á Subdirección Xeral de Administración Industrial por importe de 97.062,73 euros, (rexistrado de Entrada na sede electrónica da Xunta de Galicia co nº 2018/450281), para a realización do proxecto “Renovación do firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming y Lumiere, Polígono Industrial do Espiritu Santo, Cambre”.

O dito proxecto foi elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento base de licitación de 121.328,41 euros (IVE incluído).

Con data do 15 de xuño de 2018 rexistrouse de entrada, ao nº 0/4139, a notificación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, (Consellería de Economía, Emprego e Industria), da concesión da subvención por importe de 97.062,73 euros, rematando o prazo final para xustificar a subvención o 31 de outubro de 2018.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O 4 de xullo de 2018, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal a actuación a realizar complementa a obras xa executadas co mesmo fin, e cumpre coas determinacións da normativa de aplicación, polo cal se considera viable urbanísticamente.

O 5 de xullo de 2018 a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite informe, no que, entre outros extremos, contén como criterios de valoración a oferta económica e maila redución do prazo de execución, isto debido a que se trata dunha obra sen demasiada complexidade técnica e que, segundo a Orde pola que se regula a subvención, o Concello ten de prazo ata o 31 de outubro de 2018 para xustificar ante a Xunta de Galicia a execución e pagamento da obra.

O Pleno do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2018, aprobou o proxecto de referencia. Con data do 6 de xullo de 2018 consta asinada a acta de replanteo, asinada pola redactora do proxecto, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 23 de xullo de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 1532.61900, por importe de 121.328,41 euros.

O señor alcalde, con data 24 de agosto de 2018, dita a providencia para a incoación do expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado para adxudicar o contrato consistente na execución da obra "Renovación do firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, Polígono Industrial do Espiritu Santo, Cambre", financiada ao abeiro da "Orde do 27 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018", (DOG nº 12 do 17/01/18), cun orzamento base de licitación de 121.328,41 euros (IVE incluído), con base no informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o 5 de xullo de 2018, e solicita que se emitan os pertinentes informes pola Secretaría e maila Intervención municipais, tras os cales darase conta para continuar coa tramitación do expediente, no seu caso.

A requirimento da secretaria accidental, con data de 24 de agosto de 2018 emitíuse novo informe técnico de necesidade pola enxeñeira técnica municipal de obras públicas no que modifica, respecto do emitido con datas de 5 de xullo, o apartado relativo á determinación do valor estimado, eliminando do seu cálculo o 10% por posible modificación do proxecto, pois este non prevé a súa modificación e xustifica a non división en lotes do contrato.

Con data de 10 de agosto de 2018 emitíuse informe pola Secretaría e Intervención municipais, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha obra coa que se pretende o arranxo do estado dos pavimentos tanto da estrada como das beirarrúas, que presentan deficiencias que afectan á seguridade da circulación e á comodidade dos usuarios, e que se deben ao importante tráfico de vehículos pesados que circulan polo polígono, polo que se plantea a redución do largo das beirarrúas, dotando ademais ao polígono de novas prazas de aparcadoiro e maila execución dunha rehabilitación superficial da última capa de aglomerado asfáltico na estrada, así como a renovación dos servizos existentes, complementando con esta actuación a obras xa executadas entre os anos 2012 e 2015, dando cumprimento ás esixencias do artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local que establece como servizo mínimo que deben prestar todos os Concellos con poboación superior a 20.000 habitantes a pavimentación das vías urbanas, atribuíndoselles competencias propias no artigo 25.2.d) en materia de infraestruturas viarias; isto, de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2018/C003/000011, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "Renovación do firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, Polígono Industrial do Espiritu Santo, Cambre", financiada ao abeiro da "Orde do 27 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018", (DOG nº 12 do 17/01/18), cun valor estimado de 110.298,55 euros, e cun orzamento base de licitación de 121.328,41 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto, por importe de 121.328,41 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido no artigo 326 da LCSP e na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

- Presidente: O Sr. alcalde e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.
- Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.  
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.  
O enxeñeiro de camiños municipal e, como suplente, o arquitecto municipal.
- Secretaria: A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Aprobación do expediente de contratación: Pavimentación de beirarrúas en rúa Sil da mazá M3 da Barcala (Fase 2). Exp. 2018/C003/000016**

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 17 de xullo de 2018 foi redactado o proxecto básico e de execución denominado “Pavimentación de beirarrúas en rúa Sil da mazá M3 da Barcala (Fase 2)” pola arquitecta dona Carlota Robelo Pardo, co núm. de colexiada 1199, cun orzamento de 39.669,42 € sen IVE, 48.000,00 € IVE incluído.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2018, como un dos investimentos financeiramente sostibles incluídos no modificativo do expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito número 1/2018.

Consta a conformidade técnica ao proxecto do arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta a acta de replanteo de data 6 de agosto de 2018.

Consta o certificado de retención de crédito emitido polo interventor municipal de data 7 de agosto de 2018.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido o 10 de agosto de 2018 polo arquitecto municipal.

Constan as prescricións técnicas elaboradas polo arquitecto municipal, de data 13 de agosto de 2018.

Consta a providencia do señor alcalde, de data 24 de agosto de 2018, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 27 de agosto de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopa a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2018/C003/000016, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "Pavimentación de beirarrúas en rúa Sil da mazá M3 da Barcala (Fase 2)", cun valor estimado de 43.636,36 euros, e cun orzamento base de licitación de 48.000,00 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto, por importe de 48.000,00 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

- Presidente: O Sr. alcalde e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.
- Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.  
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.  
A arquitecta técnica municipal e, como suplente, o enxeñeiro de camiños municipal.
- Secretaria: A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Adxudicación á entidade 3C CALIDAD Y CONTROL SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA, no importe de 6.999,80 € sen IVE, 8.469,76 € IVE incluído, do servizo de Control de calidade de varias obras, agosto 2018. Expediente núm. 2018/C002/000245**

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 3 de agosto de 2018 elaborouse polo enxeñeiro de camiños municipal o presuposto detallado do servizo correspondente ao “Control de calidade de varias obras, agosto 2018”, cun orzamento de 6.999,00 €, sen IVE, 8.468,79 €, IVE incluído.

Con data 3 de agosto de 2018 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo técnico coordinador da área, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente e polo alcalde, motivado na necesidade de realizar un seguemento e control da correcta execución das obras, baseado na realización de distintos ensaios de control e calidade da execución, dacordo coas porcentaxes descritas nos proxectos, os pregos de cláusulas administrativas que rexen nos contratos, así como nas ofertas presentadas polos adxudicatarios, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

No devandito informe consta que só se invitou a presentar oferta á empresa 3C CALIDAD Y CONTROL SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA xa que foi a que ofertou un prezo máis baixo noutros traballos de control de calidade de obras similares, resultando adxudicataria do contrato de control de calidade de varias obras incluídas no POS + 2017 e PAI 2016 (2018/C002/000017). Xa que estes controis de calidade os asumen as empresas contratistas que resultaron adxudicatarias dos respectivos contratos de obras, é polo que non se solicitaron ofertas a máis dunha empresa.

Con data 10 de agosto de 2018 emítese informe polo interventor municipal no que se establece que, ao tratarse dun gasto que han de asumir os adxudicatarios das distintas obras este gasto ten carácter de non orzamentario non imputable ao orzamento de gastos, polo que non procede realizar retención de crédito para a súa contratación, isto dacordo á cláusula 29 e epígrafe E) do anexo V.I dos pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores dos presentes expedientes.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

No citado informe consta que respecto da empresa á que se ten previsto solicitar oferta constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, sen que conxuntamente con este servizo se superen os límites establecidos no artigo 118 da LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 14 de agosto de 2018 emítese informe polo técnico coordinador da área e enxeñeiro de camiños municipal no que consta que foi invitada a seguinte empresa:

- 3C CALIDAD Y CONTROL, S. COOP. GALEGA

e que esta presentou a oferta que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
3C CALIDAD Y CONTROL S. COOP. GALEGA	6.999,80 € (2.279+980+1.100+895+ 1.055+690,80)	8.469,76 € (2.757,59+1.185,80+ 1.331+1.082,95+1.276 ,55+ 835,87)

formulando proposta de adxudicación do servizo de control de calidade de varias obras, agosto 2018, á empresa 3C CALIDAD Y CONTROL SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA con NIF F-70380167, domicilio en Polígono Pocomaco G12/2, rúa 1, nº 30, C.P. 15190- A Coruña, no prezo ofertado de 6.999,80 € sen IVE, 8.469,76 € IVE incluído, por ser a única empresa seleccionada para a execución desta prestación, quedando xustificado no expediente esta circunstancia.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Con data de 27 de agosto de 2018 emitiuse informe pola secretaria accidental.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada do servizo correspondente ao “Control de calidade de varias obras incluídas no POS + 2017 e PAI 2016”, cun orzamento de 6.999,00 €, sen IVE, 8.469,76 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2018/C002/000245, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Terceiro:** Adxudicar o contrato da obra do servizo de “Control de calidade de varias obras, agosto 2018”, á empresa 3C CALIDAD Y CONTROL SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA con NIF F-70380167, domicilio en Polígono Pocomaco G12/2, C.P. 15190- A Coruña, no prezo ofertado de 6.999,80 €, sen IVE, 8.469,76 €, IVE incluído, por ser a única empresa seleccionada para a execución desta prestación, quedando xustificada no expediente esta circunstancia.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Quinto:** Designar como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sexto:** Notifíquese a dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Sétimo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Antes de rematar esta sesión, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e don Daniel Carballada Rodríguez poñen de manifesto que renuncian á percepción das asistencias correspondentes ás sesión extraordinarias e urxentes que teñan lugar dende agora así como ás percibidas no mes de xullo de 2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López